POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA
DE ANÁLISE
POÉTICA

# Luís Pimentel na miña lembranza

## Ramón Piñeiro

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica***
Piñeiro, Ramón (2012 [1990]). "Luís Pimentel na miña lembranza". *Nordés*: 14 (II Data), 24. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1910>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**
Piñeiro, Ramón (1990). "Luís Pimentel na miña lembranza". *Nordés*: 14 (II Data), 24.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

# PÓRTICO

## Luis Pimentel na miña lembranza

Para a maioría dos lectores actuais da obra de Pimentel, o que poden apreciar nela son os valores poéticos en si mesmos. Para os que o tratamos e fomos amigos seus, ademais dos valores poéticos a lectura dos seus poemas evócanos a personalidade humana do poeta.

Coñecín a Pimentel no ano 33 pola mediación de Anxel Fole. Desde entón uníunos ós tres unha fonda e fraterna amistade. Pasamos moitas, moitas tardes xuntos na súa casa da calle Aguirre e alí xurdíu a idea de se incorporaren os dous á literatura galega, o Fole con un libro de contos e o Pimentel con un libro de poemas. Como primeiro paso, no ano 35 publicaron Pimentel dous poemas e Fole dous contos nos números 133 e 137-138 da revista "Nós"

Nas nosas xuntanzas, cada vez mais frecuentes, Pimentel líanos os poemas que pensaba incluír no libro. Decidimos que o Día de Galicia do ano 36 debía ser a data da aparición dos dous libros. Fole foi escribindo os seus sete contos – tiña decidido que fosen sete – e Pimentel foi compoñendo o seu con poemas do "Diario dun médico de guardia", ós que incorporou outra sección titulada "Horas" e outra que iba escribindo e que se titulaba "Oracions"

Os orixinais dos libros estaban na editorial NÓS de Santiago e chegaron a se lle enviar as probas de imprenta correxidas. Como é ben sabido, a guerra civil que se iniciou o 18 de xulio atrancou a aparición dos dous libros.

Ora, Fole e mais eu escoitamos (todolos poemas) lidos para nós polo poeta. Eu conservo viva a lembranza da voz e da expresión de Pimentel cando nolos lía, así como o seu interés cando os comentabamos. Esto seguiu ocurrindo despois da guerra algunha vez coa ~~presenza~~ de Fole, moitas veces sós nós dous e ás veces con outros amigos que eu levaba para que coñecesen persoalmente a Luis.

Con estes antecedentes comprféndese ben que para min, e supoño que para outros amigos do poeta, ler os seus poemas é sentir a voz e a presencia espiritual de Pimentel.

Ramón Piñeiro